

CONVOCATORIA	Nomeamento de funcionario interino con cargo a unha praza vacante de Conservador/a con destino ao Museo de Pontevedra
PRAZA/POSTO	Conservador/a - A1
TIPO	Primeiro exercicio – Cuestionario tipo test
DATA	21/07/2025

1.- En que lugar e en que data foi aprobada polo ICOM a definición de museo máis recente?

- a) Na Conferencia Xeral do ICOM celebrada en Praga en agosto de 2022
- b) Na Conferencia Xeral do ICOM celebrada en Río de xaneiro en setembro de 2021
- c) Na Conferencia Xeral do ICOM celebrada en Milán, en xullo de 2016
- d) Na Conferencia Xeral do ICOM celebrada en Kyoto en febreiro de 2024

2.- Desde a súa fundación ata o ano 2012 o Museo de Pontevedra estivo rexido por un Padroado. A primeira muller que formou parte do mesmo foi:

- a) María Mendoza Babiano
- b) Concha Mendoza Babiano
- c) Virxinia Pereira
- d) Ningunha das anteriores formou parte do Padroado do Museo de Pontevedra

3.- En que ano se creou o Museo de Pontevedra e cando abriu as súas portas ó público?

- a) Creouse o 30 de decembro de 1927. Abriu as súas portas o 10 de agosto de 1929
- b) Creouse o 3 de xaneiro de 1927. Abriu as súas portas o 10 de agosto de 1928
- c) Creouse o 30 de xaneiro de 1927. Abriu as súas portas o 14 de maio de 1929
- d) Creouse o 30 de outubro de 1927. Abriu as súas portas o 10 de xullo de 1929

4.- Que institución foi a precursora do Museo de Pontevedra?

- a) A Comisión Provincial de Monumentos.
- b) Museo da Navegación.
- c) A Junta de Enagenación de los Bienes y Efectos de los Conventos Suprimidos de Pontevedra.
- d) A Sociedad Arqueológica de Pontevedra.

5.- En 1931 a Sociedad Arqueológica de Pontevedra adquiriu un miliario que, a día de hoxe, é o único da provincia que se mantén na súa ubicación orixinal, pese a formar parte da colección do Museo de Pontevedra. Este miliario atópase en:

- a) Cesantes
- b) Quintela

- c) Saxamonde
- d) Guizán/Vilar de Infesta

6.- O tesouro de Foxados forma parte dos fondos arqueolóxicos do Museo de Pontevedra. Dito tesouro está integrado por unha colección de

- a) Torques
- b) Selos, arracadas e brazaletes
- c) Moedas
- d) O tesouro de Foxados forma parte da colección arqueolóxica do Museo de Lugo

7.- En que documento e en que ano se recolleron por primeira vez os “principios básicos dunha nova museoloxía”?

- a) Declaración de Quebec, 1984
- b) Declaración de Oaxtepec, 1984
- c) Declaración de Caracas, 1992
- d) En ningunha de las anteriores

8.- Que tres conceptos básicos constitúen a estrutura da museoloxía social?

- a) Territorio-patrimonio-comunidade
- b) Edificio- colección - público
- c) Edificio- patrimonio-comunidade
- d) Territorio- colección- comunidade

9.- Cal dos seguintes debe ser o procedemento a seguir cando se realiza un transporte terrestre de obras de arte e as distancias obrigan a realizar algunha prenocta

- a) O vehículo deberá quedar estacionado nun local coas adecuadas condicións ambientais e de seguridade
- b) A persoa encargada pola empresa de transporte como responsable da carga deberá permanecer na cabina do camiión durante o tempo de prenocta.
- c) O vehículo poderá pernoctar nun estacionamento público sempre que dispoña de seguro anti roubo.
- d) O vehículo en ningún caso poderá pernoctar entre os lugares de orixe e destino.

10.- Que axente de deterioro pode supoñer un gran risco para un ben cultural/arqueolóxico almacenado nun museo?

- a) Auga
- b) Temperatura incorrecta
- c) Disociación

d) Todas son correctas

11.- Qué representa cada unha das escalas que dan nome ao método ABC (CCI/ICCROM, 2016)?

- a) Frecuencia, intensidade e vulnerabilidade das coleccións.
- b) Frecuencia, perda de valor por cada obxecto/elemento e porción da colección afectada.
- c) Vulnerabilidade, exposición e probabilidade
- d) Probabilidade, vulnerabilidade das coleccións e perda de valor de cada obxecto.

12.- Nun Museo, o informe interno de avaliación para o préstamo dunha obra é realizado por:

- a) Dirección da entidade prestadora, o/a responsable de colección e o departamento de rexistro e o conservador/a-restaurador/a.
- b) O/a responsable de colección e o conservador/a-restaurador/a.
- c) O/a responsable de colección e o departamento de rexistro e o/a conservador/a-restaurador/a.
- d) A dirección da entidade prestadora, o/a responsable de coleccións e a Consellería de Cultura.

13.- Cal dos seguintes criterios non avalía o grao de significación (significance) dun obxecto ou colección patrimonial:

- a) Procedencia
- b) Condición ou estado
- c) Rareza ou representatividade
- d) Potencial científico ou de investigación

14.- Sinala un sistema de control pasivo para mellorar as condicións ambientais das salas dun museo

- a) Instalación de estores en xanelas
- b) Instalación de sistema de climatización por aire
- c) Instalación de deshumidificadores
- d) Instalación de sistema de climatización centralizado

15.- Entendese por recursos técnicos dunha exposición

- a) Os medios económicos que sosteñen o proxecto
- b) Os medios informáticos que intervirán no proxecto
- c) Todos aqueles instrumentos materiais que precisaremos para a montaxe dos bens culturais e a súa posterior exhibición

d) Os obxectos que conforman a propia exposición

16.- A temperatura de cor é unha variable que se mide en grados

- a) Celsius
- b) Fahrenheit
- c) Kelvin
- d) Rankine

17.- Á hora de definir unha exposición, os elementos básicos que a compoñen son:

- a) Espazo, contido e público
- b) Espazo, soportes expositivos e bens culturais
- c) Soportes expositivos, elementos gráficos e bens culturais
- d) Museo, sala específica e bens culturais

18.- Seguindo os principios do Deseño Universal, nunha exposición na que se inclúan maquetas tiflolóxicas, donde as colocaríamos?

- a) Á entrada da exposición, para evitarlles ás persoas cegas recorridos innecesarios
- b) Nunha sala contigua á da exposición, de xeito que o resto de usuarios non os interrompa na visita
- c) Distribuídas ao longo da exposición, incluíndoas no deseño xeral da mesma
- d) En vitrinas con urna de vidro ou metacrilato para evitar posibles danos

19.- Segundo a Ley 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español, defínese o Patrimonio como

- a) Tódalas manifestacións ou conxunto de manifestacións, materiais e inmateriais, que definen a personalidade xeohistórica dun pobo.
- b) Tódalas manifestacións herdadas dos nosos antepasados, materiais e inmateriais, que definen a personalidade xeohistórica dun pobo
- c) Tódalas manifestacións herdadas dos nosos antepasados que definen a personalidade material e inmaterial dun pobo
- d) Tódalas manifestacións materiais e inmateriais que definen a personalidade ou conxunto de personalidades xeohistóricas dun pobo

20.- Segundo a Ley 7/2021, do 17 de febreiro, ¿é función do museo “a organización periódica de exposicións científicas e divulgativas de carácter temporal”?

- a) Si, é función do museo a organización periódica de exposicións científicas e divulgativas de carácter temporal.
- b) So a organización periódica de exposicións científicas de carácter temporal.

- c) So a organización periódica de exposicións divulgativas de carácter temporal.
- d) Só a organización periódica de exposicións de carácter temporal que amosen os seus fondos de reserva.

21. En 1952 houbo un depósito mutuo de pezas arqueolóxicas entre o Museo de Pontevedra e o Museo Arqueolóxico Nacional. Cales das seguintes pezas foron depositadas en Pontevedra como consecuencia desta acción?

- a) Pezas líticas do Manzanares
- b) Exvotos de Calvi
- c) Conxunto de bustos romanos
- d) Todas son correctas

22. Entre os fondos expostos actualmente no Museo de Pontevedra, atópanse varios obxectos procedentes do castro de Leiro (Ribadumia). Cal destes obxectos non procede de alí?

- a) Unha pedra de toque
- b) Un caldeiro de bronce
- c) Unha peza de granito cun tríscele en relevo
- d) Unha fíbula con forma de leóns

23. O Museo de Pontevedra conta con ortostatos megalíticos e laxes de cistas con diversa decoración mediante gravados ou pinturas. Nunha delas aparece representado un posible heliomorfo. De onde procede?

- a) Mámoa da Braña
- b) Mámoa de Monte dos Marxos
- c) Cista de Coitemil
- d) Cistas de Gandón

24. Un dos xacementos estudado por técnicos vencellados ó Museo de Pontevedra foi o de Chan de Armada. Que tipo de cerámica se atopou maioritariamente nel?

- a) Campaniforme
- b) Cuncos de Longo Bordo Horizontal
- c) Tipo Cíes
- d) Tipo Penha

25. Entre as pezas exipcias e orientais custodiadas polo Museo de Pontevedra hai un fragmento de vaso de alabastro cunha inscrición en cuneiforme. A que monarca fai referencia ese texto?

- a) Xerxes I

- b) Ciro II
- c) Darío I
- d) Ramsés III

26. Nas intervencións realizadas en Gándaras de Budiño en 1980–1981 documentouse con precisión un asentamento paleolítico. A que cultura pertencen as pezas líticas localizadas nel?

- a) Auriñacense
- b) Achelense
- c) Olduvaiense
- d) Chatelperroniense

27. Que pezas compoñen o depósito de Híio?

- a) Dous machados de fío desenvolto e dous puñais de empuñadura de remaches.
- b) Seis machados de tope cunha argola, un machado tubular, un escoplo ou formón, tres puntas de lanza, tres ganchos, dous brazaletes de extremos abertos e fragmentos dunha espada de lingua de carpa e dun caldeiro de remaches cónicos.
- c) Seis machados de tope cunha argola, un machado de fío desenvolto, un escoplo ou formón, tres puntas de lanza, tres ganchos, dous brazaletes de extremos abertos e fragmentos dunha espada pistiliforme e dun caldeiro de remaches cónicos.
- d) Tres machados de tope con dúas argolas, un puñal de lingüeta e un puñal de tipo licio.

28. Cal das seguintes afirmacións sobre o tesouro Bedoya é incorrecta?

- a) O diadema foi restaurado en época antiga
- b) As arracadas de labirinto contarían cun dobre sistema de suxeición: un por pinzamento e outro por cadea supra auricular
- c) O denario máis antigo data de época de Nerón
- d) O anel signatario tivo anteriormente unha pedra de diferentes dimensións

29. En que ano foi depositado no Museo de Pontevedra o Tesouro de Foxados?

- a) 1937
- b) 1933
- c) 1942
- d) 1944

30. Que teñen en común os dous miliarios de época do emperador Maximino o Tracio custodiados polo Museo de Pontevedra?

- a) Ambos foron localizados en 2009, durante a construción da vía férrea de alta velocidade
- b) Teñen liñas de texto escrito en espiral
- c) Carecen de interpuncións
- d) Ningunha é correcta

31. En cal das seguintes estelas aparece unha figura antropomorfa con dous caldeiros ou *situlae* baixo as mans?

- a) Estela de Severo (Atios, O Porriño)
- b) Estela de Colupata (Paradela, A Estrada)
- c) Estela bifronte de Vilar de Sarria
- d) Estela de Troitosende

32. Cal das seguintes pezas se considera que puido ser fundida nas inmediacións do Canal da Mancha?

- a) O caldeiro de remaches do depósito de Hío
- b) Os estoques de lingüeta trapezoidal dragados do río Ulla
- c) A espada de coroa de remaches de Meira
- d) O peite do tesouro de Caldas

33. Cal dos seguintes depósitos metálicos da Idade do Bronce non posúe pezas de bronce ternario?

- a) Depósito de Hío
- b) Depósito de Samieira
- c) Depósito de Monte das Cabras
- d) Depósito de Mougás

34. Que motivo ten representada a lucerna de bronce do castro de Taboexa?

- a) Unha embarcación con dous tripulantes
- b) O deus Mercurio coa clámide e o pétaso alado
- c) O deus Apolo coa cítara e o plectro
- d) Unha cabeza de negroide

35. Cal das seguintes figuras está representada entre as pezas de bronce de Taboexa?

- a) Mercurio
- b) *Genius* familiar
- c) Diana Cazadora
- d) a e b son correctas

36. De que arquitecto é o proxecto baixo o que se realizaron as primeiras obras para a construción do edificio Fernández López na década de 1960?

- a) Alfonso Barreiro Buján
- b) Juan Argenti Navajas
- c) Bernardo Murillo de Valdivia
- d) Celestino García Braña

37. Segundo a metodoloxía RE-ORG, os obxectos da categoría “moi pesados” son aqueles que...

- a) Non se sustentan por si sós, requiren de dúas persoas para a súa manipulación e pesan máis de 50 kg
- b) Non se sustentan por si sós, requiren de dúas persoas para a súa manipulación e pesan máis de 40 kg
- c) Non se sustentan por si sós, requiren de dúas persoas para a súa manipulación e pesan máis de 30 kg
- d) Requiren de dúas persoas para a súa manipulación e pesan máis de 50 kg

38. De acordo coa metodoloxía RE-ORG, nunha sala de reserva na que se almacenan en compactos móbiles de alta intensidade obxectos que pode mover unha soa persoa, cal é a máxima ocupación da superficie do piso que se recomenda para aproveitar de forma óptima o espazo ó tempo que se posibilita traballar con seguridade?

- a) 50%
- b) 60%
- c) 70%
- d) 80%

39. Un puñal arqueolóxico de ferro conta cunha parte de madeira na empuñadura. Cal é a humidade relativa recomendada para a súa conservación?

- a) 35%, pois é a recomendada para a conservación do metal e está por debaixo do máximo establecido para evitar os ataques biolóxicos no material orgánico
- b) 50%, pois é a recomendada para a conservación do material orgánico e o metal pode soportar eses índices namentres non haxa oscilacións extremas

- c) O material orgánico e o metal deben separarse e conservarse por separado, pois os seus parámetros de conservación son incompatibles
 - d) Ningunha é correcta
40. Que tipo de luvas sería o máis recomendable para manipular o tesouro de Antas de Ulla?
- a) Luvas de látex
 - b) Luvas de nitrilo
 - c) Abonda con ter as mans limpas
 - d) a e b son correctas
41. Cal dos seguintes principios non está garantido na Constitución?:
- a) O de publicidade das normas
 - b) O de irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais
 - c) O de boa fe
 - d) O de interdición da arbitrariedade dos poderes públicos
42. A Xunta de Goberno dunha Deputación está integrada por:
- a) Un terzo de deputados
 - b) O Presidente e un número de deputados non superior ao terzo do número legal dos mesmos
 - c) O Presidente, o Vicepresidente e un número de deputados non superior ao terzo do número legal dos mesmos
 - d) O número de deputados que designe a/o Presidenta/e
43. A proposta de iniciación do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para iso pero que tivo coñecemento das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento, denomínase:
- a) Orde
 - b) Petición razoada
 - c) Propia iniciativa
 - d) Denuncia
44. O dereito á portabilidade dos datos:
- a) Poderase aplicar aos tratamentos que sexan necesarios para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento
 - b) A diferenza doutros dereitos, poderá afectar negativamente os dereitos e liberdades doutros

- c) Supón a obrigación de que, en todo caso, os datos persoais transmítanse directamente de responsable a responsable
- d) Require que o tratamento se efectúe por medios automatizados

45. O artigo 89 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, establece que o persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por:

- a) Empregados públicos contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual, que desempeña postos de confianza e asesoramento
- b) Funcionarios/as de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual, que desempeña postos de confianza e asesoramento
- c) As respostas a) e b) con correctas
- d) Ningunha resposta é correcta

PREGUNTAS DE RESERVA:

46. (R1) De acordo con o artigo 31.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, son fins propios e específicos da Provincia:

- a) Coordinar a actuación administrativa dos Concellos da súa provincia
- b) Garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social
- c) Solicitar subvencións para a súa posterior repartición aos municipios da súa provincia
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

47. (R2) Segundo o artigo 4 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español, a acción ou omisión que poña en perigo de perda ou destrución todos ou algún dos valores dos bens que integran o Patrimonio Histórico Español enténdese como:

- a) Exportación
- b) Espoliación
- c) Atentado
- d) Ningunha é correcta

48. Segundo a Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia. Indica cal das seguintes non son función dos museos

- a) Promover a pluralidade e a diversidade cultural.
- b) Fomentar a creación e a transmisión do patrimonio cultural inmaterial.
- c) Promover o respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero.
- d) Todas elas si son funcións dos museos.

49. Cal dos seguintes non é un criterio de calidade dunha sala de reserva segundo a metodoloxía RE-ORG?

- a) Cada obxecto ten unha localización específica no depósito e pode ser localizado en menos de 2 minutos
- b) Só contén obxectos rexistrados no inventario
- c) Existen e aplícanse políticas e procedementos clave
- d) Todas son correctas

50. Cal dos seguintes axentes adoita ser máis perigoso para a conservación do mosaico arqueolóxico?

- a) A presenza de sales solubles
- b) Unha iluminación superior a 50 lux
- c) Unha humidade relativa inferior a 60%
- d) Todas son correctas

PLANTILLA DE RESPONSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE CONSERVADOR/A CON DESTINO Ó MUSEO DE PONTEVEDRA

1	A
2	A
3	A
4	D
5	D
6	A
7	A
8	A
9	A
10	D
11	B
12	A
13	D
14	A
15	C
16	C
17	A
18	C
19	A
20	A
21	B
22	C
23	A
24	A
25	A
26	B

27	B
28	C
29	B
30	B
31	A
32	B
33	C
34	D
35	D
36	A
37	C
38	D
39	B
40	B
41	C
42	B
43	B
44	D
45	B
PREGUNTAS RESERVA	
46 (R1)	B
47 (R2)	B
48 (R2)	D
49 (R3)	A
50 (R4)	A

De acordo co disposto nas bases que rexen a convocatoria, as persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.